

## NOTA DE PRENSA

### ATIGA E A XUNTA POÑEN EN MARCHA UN ESTUDO PARA ANALIZAR A REALIDADE DA INDUSTRIA 4.0 EN GALICIA

- O estudo analizará a situación da industria 4.0 nos dez principais sectores da economía galega
- O traballo permitirá saber como está posicionado cada sector en termos de desenvolvemento tecnolóxico-industrial respecto ás mellores prácticas internacionais
- Para a elaboración do informe vanse realizar enquisas a máis de 350 empresas e van recibir recomendacións personalizadas de cara a mellorar a súa competitividade

*Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2017.*- A Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (ATIGA), os seis centros tecnolóxicos que a integran e a Xunta de Galicia, a través do IGAPE, traballarán conxuntamente con empresas, asociacións empresariais e expertos para coñecer o estado tecnolóxico e as oportunidades das empresas galegas. O obxectivo é facilitar a transición cara a un novo modelo produtivo máis orientado á innovación tecnolóxica, o da Industria 4.0.

O estudo “A Industria 4.0 en Galicia”, que se desenvolverá ao longo dos próximos meses, analizará o nivel de implantación da industria 4.0 nos dez principais sectores da economía galega: Agroalimentación e Bio, Automoción, Madeira / Forestal, Naval, Metalmecánico, Têxtil / Moda, Aeronáutico, TIC, Enerxías Renovables e Pedra Natural.

O traballo permitirá saber cómo están posicionadas as empresas en termos de desenvolvemento tecnolóxico-industrial respecto ás mellores prácticas internacionais. Os resultados permitirán extraer conclusións sobre o nivel tecnolóxico actual en cada un dos sectores e as oportunidades de mellora no curto e medio prazo.

O traballo oríentase cara ás oportunidades ligadas coa fabricación e o novo modelo produtivo que xa se albisca e que se sustenta, entre outras pancas, nas tecnoloxías da produción, na interacción home-máquina, na automatización, na robotización industrial, na loxística avanzada, nos novos materiais ou na fabricación aditiva.

As empresas participantes que o soliciten recibirán informes personalizados sobre a súa situación en relación ao seu sector e ás súas propias oportunidades de mellora. Se trata de recomendacións de base tecnolóxica que poderán contribuír á mellorar a capacidade competitiva das empresas galegas.

Tanto a Xunta como ATIGA comparten un interese común en impulsar o novo modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento e que se caracteriza por ser máis flexible, máis sostible, máis innovador e máis humano. Preténdese, deste modo, fortalecer a transferencia de resultados da investigación ao tecido empresarial. Os centros tecnolóxicos ATIGA ofrecen soporte tecnolóxico e apoio a maior parte dos sectores da economía galega, acompañando ás empresas nos procesos de industrialización avanzada e internacionalización.

### **ATIGA, Alianza Tecnológica Intersectorial de Galicia**

ATIGA é a Alianza Tecnológica Intersectorial dos Centros Tecnolóxicos galegos de ámbito estatal. Está formada por AIMEN, ANFACO-CECOPESCA, CTAG, GRADIANT, ENERGYLAB e ITG. A través de ATIGA, os seis Centros unen esforzos para acadar unha maior cooperación tecnolóxica que lles permita contar con niveis superiores de competitividade no mercado e alcanzar, entre outros obxectivos, a excelencia tecnolóxica e a participación conxunta en grandes proxectos consorciados, así como en plataformas e foros tecnolóxicos. A Alianza traballa coa vocación de favorecer novas oportunidades de actuación no ámbito internacional e mantén o compromiso coa creación e a consolidación en Galicia de emprego cualificado, estable, de calidade e con futuro.

ATIGA ten un volume de ingresos agregado de 45 millóns de euros e conta cun equipo humano multidisciplinar composto por case 800 traballadores altamente cualificados: doutores, enxeñeiros e tecnólogos. A súa carteira de clientes suma 1.699 empresas, ás que presta servizos tecnolóxicos e de I+D+i en 27 países diferentes. Durante 2015, os membros da Alianza executaron 285 proxectos de I+D+i, dos que 56 foron de carácter internacional. Son, ademais, titulares dun total de 75 patentes, propias ou en colaboración con empresas.

**Para máis información:**

<http://www.atiga.es/industria-4-0>

Emma Cid – Paco García

690835523 - 653531682

[ecid@torresycarrera.com](mailto:ecid@torresycarrera.com) – [pgarcia@torresycarrera.com](mailto:pgarcia@torresycarrera.com)